



LISTA DE ASISTENTES

Barreiro Alonso, Enrique
 Carballo-Calero Ramos, M^a Victoria
 Cid Fernández, Xose Manuel
 Cidrás Pidre, José
 Corbacho Suso, Patricia
 De Oca Cancela, Guillermo
 Docampo Amoedo, Domingo
 Domínguez Castro, Luis
 Durany Castrillo, José
 Estévez Toranzo, Margarita
 Fandiño Alonso, Xaime
 Fernández Álvarez, Antón
 Fernández Saborido, Anxo Manuel
 Gago Rodríguez, Alberto
 Gálvez Gálvez, Juan Francisco
 Garriga Domínguez, Ana
 González Piñeiro, Luis
 Gueimonde Canto, Ana Isabel
 Hernández Sánchez, Jesús
 Iglesias Galán, M^a Hilda
 Iglesias Randulfe, M^a Teresa
 Lago Teijeiro, Xan
 Legido Soto, José Luis
 Martínez Cobas, Xavier
 Mato De La Iglesia, Salustiano
 Mazaira Castro, Andrés
 Membiela Iglesia, Pedro
 Méndez Franco, Óscar
 Pajares Domínguez, Sergio
 Pita Grandal, Ana M^a
 Pousada Carballo, José M^a
 Ramos Cabrer, Manuel
 Rodríguez Berrocal, Francisco
 Rodríguez Fuentes, Gustavo
 Rubiños López, J. Óscar
 Sánchez Bello, Patricio A.
 Suárez Creo, Juan
 Tojo Suárez, José E.
 Troncoso durán, Dolores
 Valero Gutiérrez Del Olmo, Enrique
 Varasa Paredes, Javier
 Vázquez López, Ezequiel M.
 Viso Alonso, Augusto

Desculpa asistencia:

Gil Villanueva, José M^a

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 13 de decembro de dous mil catro, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S de Enxeñeiros de Telecomunicación

O luns, día 13 de decembro de 2004, ás 10:10 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 23 de setembro de 2004.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento do ano 2005.
4. Aprobación, se procede, de transferencias de crédito.
5. Aprobación, se procede, da incorporación de remanentes de libre disposición.
6. Presentación do borrador do plan de calidade docente.
7. Presentación do proxecto de cidade tecnolóxica.
8. Presentación das liñas básicas da reordenación urbana do campus de Vigo.
9. Aprobación, se procede, do curso: Máster/Especialista en Contabilidade e Tributación Comunitaria: España e Portugal.
10. Asuntos de profesorado: solicitude de comisión de servizos e convocatoria de prazas a habilitación nacional.
11. Aprobación, se procede, do cambio de nome do Servizo de información, orientación e promoción do estudante polo de Servizo de extensión universitaria.
12. Aprobación, se procede, do plan de política lingüística e da dirección do centro de linguas.
13. Informe sobre resultados de investigación do ano 2003. Memoria I+D ano 2003.*
14. Aprobación, se procede, dos Regulamentos de réxime interno da E.S. de Enxeñaría Informática, da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación e da Facultade de Química.
15. Medidas provisionais a adoptar en relación coa Dirección do Instituto Universitario de Electrónica Aplicada.
16. Apoio da Universidade de Vigo, se procede, á candidatura a Patrimonio inmaterial da UNESCO da Tradición oral Galaico-Portuguesa.
17. Toma de acordo ante o recurso presentado por membros das comisións específicas de área xulgadoras das prazas 41-H12-814-A4-01 e 41-H12-814-A4-02 correspondentes ao primeiro concurso de profesorado para o curso 2004/2005.

18. Aprobación, se procede, da creación do cargo de vicexerente.
19. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración da Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo co Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais, Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos para a realización do posgrao Dirección Integrada de Proxectos – Convenio marco de colaboración coa Universidade Nacional da Patagonia Austral – Convenio marco de colaboración coa Facultade Rexional de Córdoba da Universidade Tecnolóxica Nacional – Convenio marco de colaboración coa Facultade Rexional de Mendoza da Universidade Tecnolóxica Nacional.- Convenios marco e específico de colaboración coa Universidade EAFIT – Convenio marco de colaboración coa Universidade del Cauca.
20. Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de Investigación (2 estudantes e 1 PDI), Comisión de organización académica e profesorado (2 estudantes), Comisión de planificación e asuntos económicos (2 estudantes) e Comisión de extensión universitaria e estudantes (2 estudantes e 1 PDI).**
21. Elección de representantes no Consello social: 1 estudante.**
22. Rogos e preguntas.

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 23 de setembro de 2004.

Apróbase por asentimento.

Punto 2.- Informe do Reitor.

O reitor informa do seguinte:

- En relación co EEES, os decretos de grao e posgrao xa tiveron o beneplácito da comisión académica do Consejo de coordinación universitaria estando pendente a súa publicación do informe do Consejo de Estado.
- Da convocatoria da ANECA para a formulación de propostas de novos títulos de máster que están pendentes da celebración do Consejo de coordinación universitaria e da CRUE.
- Da sinatura do plan de financiamento do SUG para os próximos 6 anos. Estase á espera de que a Xunta de Galicia faga público o documento, en caso de que non o faga traerase unha copia do mesmo no próximo Consello de Goberno.
- En relación coa proposta dun novo calendario escolar, e tendo en conta a necesidade de ampliar o debate ás outras dúas universidades galegas tal e como se sinalou no último claustro, xa falou do tema cos outros dous reitores e hai interese específico en ir as tres universidades xuntas. A Universidade de Vigo comprometeuse a elaborar un primeiro documento que se traerá ao próximo Consello de Goberno, pero non aínda para tomar decisións.

A Sra. Corbacho pregunta se este novo calendario estaría vixente para o curso próximo.

O reitor di que antes de implantar o novo calendario tería que haber un ano de transición que se vai moi rápido sería o curso 2005-06, pero non se quere adiantar a un acordo que sería das tres universidades.

Sobre a sesión do Consello de Goberno de hoxe informa:

- Do cambio da Área de emprego, que estaba vacante, pola Área de programas docentes en innovación e calidade e do nomeamento de D. José Carlos Álvarez Villamarín como director da mesma.
- Da invitación a asistir, con voz pero sen voto, aos profesores D. Enrique Mandado Pérez, D. José Fariña Rodríguez e D. Manuel Doiro Sancho (Director e membros do Instituto universitario de electrónica aplicada) ao punto 15 da orde do día. Ao presidente da xunta de PAS funcionario, D. Xoan M. Cebro, aos puntos 11 e 18. Á profesora Dona Susana Cruces Colada ao punto 17.
- Os puntos 6, 7 e 8 tráense a este consello como resultados do solicitado na última sesión do Claustro, na que se sinalaba que algúns temas de importancia deberíanse traer a debate antes de traelos para a súa aprobación.
- O punto 21 retírase e traerase ao próximo Consello de Goberno do mes de xaneiro.

Punto 3.- Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento do ano 2005.

O vicerreitor de planificación comeza a súa intervención facendo referencia ao novo plan de financiamento que normaliza a situación financeira das universidades e permite a posibilidade de programar a medio prazo, e aínda que as cantidades non son espectaculares non deixan de ser importantes e superan as expectativas iniciais. O novo modelo define catro fondos financeiros: de financiamento básico ou incondicionado, de investimentos, de nivelación e de calidade, e a partir de aquí non debería ser difícil a programación de ingresos nos vindeiros 6 anos cunha aproximación da orde do 90%. Co novo plan a Universidade de Vigo recibe da Xunta en 2005 un incremento do 14,5% en fondos fixos, non obstante, o orzamento para o ano 2005 soamente medra un 3,16% en relación ao do ano 2004 xa que neste ano houbo 12 millóns de euros de ingresos extraordinarios por remanentes e enaxenacións patrimoniais, polo que o incremento do 14,5% serve para solventar esta distorsión e converter en normal o que ata agora era extraordinario.

En relación cos gastos as liñas preferentes de actuación son:

- Consolidación e promoción dos cadros de persoal de PAS e PDI.
- Ampliación dos programas de calidade.
- Construción de diversas infraestruturas científicas dentro do sistema centralizado de servizos de investigación.
- Construción dunha piscina cuberta no campus de Ourense.

Destaca como novidades relevantes a incorporación de programas específicos de gasto para respaldar actuacións do comisionado para o EEES, creación do centro de linguas, posta en marcha do plan de política lingüística, plan de seguridade nos laboratorios, etc.

Para rematar explica a proposta de renovación nos criterios de distribución dos fondos dos Departamentos que xurde do compromiso de fai un ano para buscar unha solución equilibrada ao programa dos Departamentos. Con esta proposta preténdese:

- Conseguir unha estrutura contable nos Departamentos.
- Solución equilibrada para os remanentes históricos dos Departamentos.
- Solución para os novos remanentes que se xeren.
- Vencellar os fondos para calidade docente aos fondos que reciben os Departamentos.

A continuación ten lugar unha quenda de intervencións.

A Sra. Hilda Iglesias pregunta por qué se inclúe no programa de I+D a partida 641.07, correspondente ao plan de seguridade nos laboratorios.

O profesor Legido agradece ao vicerreitor por consultar cos Directores de Departamento antes de facer a proposta do programa de Departamentos, pero quere manifestar algunhas discrepancias en relación co mesmo:

- Os presupostos aumentan en xeral pero no capítulo Departamentos tanto o gasto corrente como a produción científica quedan igual e soamente hai unha partida adicional que vai para produción docente.
- Está de acordo cos cinco anos de prazo para gastar os remanentes históricos e cos dous anos para os novos remanentes de produción científica, sempre e cando esta se ingrese a comezos do ano, pero o problema é que hai outros ingresos (principalmente por contratos externos) que se fan a finais de ano polo que, soamente hai un ano para gastalos, solicita non ser tan restritivos neste tema.
- Insiste en que o fixo por Departamento segue sendo o mesmo desde fai cinco anos e moitos gastos correntes do departamento fanse co financiamento externo, xa que este fixo non é suficiente.

O profesor Tojo di que a pesar de todos os comentarios favorables sobre o plan de financiamento considera que o fondo de nivelación é insuficiente e esperaba que fose superior.

Pregunta cómo se vai abordar o plan propio de promoción de doutores e cándido, considera que no presuposto da biblioteca habería que facer un maior esforzo e espera que a construción do novo edificio da biblioteca central no campus de Ourense leve consigo a proposta dun modelo xeral da Biblioteca da Universidade de Vigo xa que o que hai non lle gusta.

Considera que a pesar do aumento nun 50% da facturación do CACTI no derradeiro ano non houbo aumento de persoal que é claramente insuficiente. Pide aclaración sobre a partida 122c e maniféstase claramente en contra de compra do edificio Miralles.

En relación co presuposto dos Departamentos pide que se aclare ben a diferenza entre remanente histórico e non histórico e di que sempre estivo a favor de que existan remanentes nos Departamentos. Pide unha estrutura máis flexible entre partidas e pregunta cando se vai repartir a produción científica deste ano.

O profesor Rodríguez Berrocal centra a súa intervención no programa de Departamentos e felicita ao equipo de goberno por xerar unha partida para produción docente. Considera que os presupostos dos Departamentos se complican enormemente e a xestión dos mesmos é moi difícil. Di que a pesar do novo plan de financiamento as partidas para os gastos correntes e a produción científica se conxelan a costa da nova partida para produción docente.

A señora Corbacho pregunta se o director do centro de gasto das delegacións de alumnos é o Decano ou o Administrador de centro e quen se fai responsable do gasto de telefonía das delegacións de alumnos.

A profesora Pita súmase as observacións feitas por outros directores de Departamentos no sentido das dificultades de xestión en departamentos multiáreas e multicampus, xa que un so administrativo compartido por dous departamentos resulta insuficiente.

O profesor Domínguez agradece que se cree o centro de linguas, infraestrutura pola que viñan reclamando os de Filoloxía e Traducción.

O vicerreitor responde ás intervencións e comeza polo tema departamentos comprometéndose a loitar por unha flexibilidade nas resolucións de calquera tipo de problemas que xurdan na transición, aclara que en xaneiro se ingresará todo o presuposto do departamento agás o que vai por calidade docente, xa que depende dos indicadores que se aproben.

O plan de seguridade nos laboratorios di que é directamente da súa competencia, pero como el non ten programa buscoulle un sitio e por iso esa partida vai incluída no programa de I+D.

En relación cos fondos do plan de financiamento comparte o criterio de que tanto o fondo de I+D como o de nivelación esperaba que tiveran maior entidade, pero facendo un saldo global opina que o esforzo foi considerable.

O plan de promoción de profesorado trátase dunha primeira fase na que sairán dez prazas a concurso en 2005 e serán o vicerreitorado de organización académica e profesorado e a COAP os que establezan a proposta de criterios e calendario.

En contestación á pregunta da Sra. Corbacho di que non ten información de que houbera problemas nese tema, en todo caso, a execución do presuposto das delegacións de alumnos cre que hai que tratalo cos administradores dos centros.

A continuación o vicerreitor de investigación responde a algunhas das preguntas suscitadas:

- A partida 122c calcúlase en base á media do acadado nos proxectos nos 3 últimos anos e sempre vai cunha hipótese de ingresos conservadora.

- En relación coa biblioteca di que xa existe unha biblioteca central e hai un plan estratéxico posto en marcha que segue as pautas do resultado de avaliación que se fixo dese servizo e o único que se está facendo en Ourense é construír un novo edificio para a mesma.

- En relación co CACTI, informa de que fai uns meses solicitáronse 12 novos tecnólogos con financiamento a cargo do ministerio e está a punto de resolverse.

- A produción científica de 2004 xa se deu orde a contabilidade e chegará en breve a comunicación. Se se aproba a proposta do vicerreitor de planificación no ano 2005 repartirase en xaneiro a mesma cantidade que a produción científica de 2004 pero con cargo ao orzamento de 2005.

Nunha nova quenda de intervencións o profesor Legido insiste en que no seu Departamento o 70% son ingresos externos que chegan en outubro ou novembro e soamente quedaría un ano para gastalos.

O vicerreitor de planificación comprométese a estudar a posibilidade de dar unha solución singular máis flexible aos fondos de ingresos por contratos externos dos departamentos e, de conseguilo, presentaríase na sesión do Consello Social na que vai a aprobación do orzamento.

A profesora Pita pide que se intente buscar tamén unha solución para aqueles departamentos multiárea e multicampus e que comparten administrativo.

Rematado o debate sométese o punto a votación:

Votos a favor do proxecto de orzamento do ano 2005	30
Votos en contra do proxecto de orzamento do ano 2005	6
Abstencións	2

Apróbbase o proxecto de orzamento do ano 2005 (Anexo I).

Punto 4.- Aprobación, se procede, de transferencias de crédito.

Apróbanse por asentimento.

Punto 5.- Aprobación, se procede, da incorporación de remanentes de libre disposición.

Apróbase por asentimento.

Punto 6.- Presentación do borrador do plan de calidade docente.

O vicerreitor de innovación e calidade fai unha presentación do plan de calidade docente.

O plan baséase nos principios xerais seguintes:

- participación de todos os axentes,

- corresponsabilidade entre unidades,
- definición do plan e actuacións planificadas,
- harmonización,
- eficacia.

As liñas xerais de actuación son:

- Identificación da situación actual: recursos dispoñibles, resultados docentes e organización.
- Definición de indicadores: homologables, recoñecidos e representativos.
- Programas de melloras: básico e innovación.

O plan presenta dous agrupamentos diferenciados.

- Programas propios da Universidade de Vigo que atenderán basicamente a: recursos docentes, planificación da actividade docente, avaliación do rendemento escolar, avaliación da actividade docente do profesorado, avaliación docente do alumnado, innovación docente e relacións co entorno social.
- Programas coordinados coa ANECA e a ASUGA: avaliación das titulacións, acreditación das titulacións, inserción laboral.

Ábrese unha quenda de intervencións.

O profesor Sánchez Bello agradece a presentación do plan pero insiste no tema da modificación da normativa da avaliación curricular e pide se pode ir máis rápido.

O vicerreitor di que xa está listo un documento sobre melloras no procedemento que se levará á próxima COAP.

O profesor Durany pregunta se é posible que este documento figure na web do vicerreitorado.

O profesor Ramos opina que é un plan xenérico e abstracto que se centra principalmente na docencia de 1º e 2º ciclo pero bota en falta a referencia á docencia de 3º ciclo, 4º ciclo e posgrao.

O vicerreitor di que o plan é xeral, pero debido á súa dimensión empezárase por 1º e 2º ciclo para estenderse despois aos demais.

O profesor Legido di que lle parece ben empezar a falar destes temas. Considera que o tema de calidade é moi amplo e cre que o obxectivo principal debe ser conseguir a calidade docente na nosa universidade para o que será necesario coidar os recursos humanos que temos, remata dicindo que hai que distinguir entre as obrigas e a calidade docente e non mesturalas.

O profesor Membiela entende que o presentado é un documento marco e que nas cuestións de innovación espera que vaia máis alá da innovación tecnolóxica.

O profesor Tojo di que lle parece unha iniciativa interesante e que a estrutura é adecuada. A clave do éxito está na definición adecuada dos indicadores, xa que non é fácil. Bota de menos dous aspectos: clarificar o máis axiña posible a carreira docente do profesorado e de xeito simultáneo garantir o cumprimento de titorías, clases, etc. Os temas relacionados coa avaliación curricular e as enquisas habería que axilizarlos e traelos pronto a debate neste consello. Remata dicindo que se compromete a apoiar este plan.

O vicerreitor di que intentará traer en xaneiro ou febreiro un documento para debate referente aos dous últimos temas.

Punto 7.- Presentación do proxecto de cidade tecnolóxica.

Na presentación do proxecto de Cidade tecnolóxica o vicerreitor de investigación adiantou unha primeira idea que permite ir perfilando o parque científico e tecnolóxico da universidade, constituído hai dous anos e ao abeiro do Parque científico tecnolóxico de Galicia, que da cobertura legal e permite ás tres universidades galegas desenvolver os seus plans particulares.

Na Universidade de Vigo a Cidade tecnolóxica preséntase con dúas misións básicas:

- Dar soporte aos grupos de investigación para que desenvolvan as súas tarefas. Nesta orde hai que incluír os servizos centrais de infraestrutura de investigación: CACTI, CITI e Estación de ciencias mariñas, son infraestruturas propias da Universidade e dependentes do Vicerreitorado de Investigación.
- Crear espazos para I+D+i empresarial para a súa colaboración cos investigadores universitarios. Aquí serían as empresas as que terían que aportar fondos e para xestionar o seu financiamento estase a pensar na creación dunha sociedade xestora, CITEX, que sería unha sociedade anónima na que inicialmente participarían a universidade, Caixanova e a Zona Franca, tería unha xerencia independente á da universidade e á que a universidade podería ceder nunha primeira fase dez mil metros cadrados e ata oitenta mil na totalidade do proxecto.

O profesores Rodríguez Berrocal e Tojo expresan as súas reticencias a que de novo se utilice como instrumento de xestión unha sociedade anónima, modelo que eles non comparten, xa que lles gustaría que fose a propia universidade a que liderase un proxecto desta envergadura.

O profesor Legido pregunta se este parque científico vai habilitar espazos para que os grupos de investigación teñan posibilidade de expansionarse.

O vicerreitor insiste en que cando fala do parque científico-tecnolóxico este é ao cen por cen da universidade e que a sociedade anónima sería un instrumento para achegar os fondos para actuacións que non poidan cubrir o FEDER ou presupostos da universidade, estas achegas non se poderían conseguir a través dunha fundación. Sinala que o parque pretende dar cobertura a nivel

de infraestructuras a todos os investigadores para que poidan dispoñer de espazos mediante aluguer dos mesmos.

Os profesores Rodríguez Berrocal e Tojo interveñen de novo para insistir en que non lles gusta o modelo da sociedade xestora e o profesor Durany di que hai moita xente na universidade que pensa que CUSA foi un acerto, polo que non nos debe asustar o utilizar neste caso un modelo de sociedade anónima.

O reitor propón que o tema está pendente dunha maior definición e cando estea máis maduro se traerá a este Consello de Goberno con máis documentación.

Punto 8.- Presentación das liñas básicas da reordenación urbana do campus de Vigo.

O vicerreitor de planificación presentou as liñas xerais da reordenación urbana do campus de Vigo cuxo obxectivo é o de comunicar e asegurar a accesibilidade entre ámbitos e persoas que agora están illados, ben sexa por unha ubicación inicial dos edificios desafortunada ou pola propia diferenza de cotas no campus, este proxecto foi encargado ao arquitecto Paulo Mendes da Rocha que no mes de xullo presentou unhas ideas do mesmo e agora está a elaborarse o proxecto básico, que será presentado a mediados de xaneiro para sometelo a consideración de toda a comunidade universitaria.

Punto 9.- Aprobación, se procede, do curso: Máster/Especialista en Contabilidade e Tributación Comunitaria: España e Portugal.

Apróbase por asentimento.

Punto 10.- Asuntos de profesorado: solicitude de comisión de servizos e convocatoria de prazas a habilitación nacional.

A vicerreitora de organización académica e profesorado informa da solicitude de comisión de servizos para o profesor da área de tradución e interpretación D. Javier de Agustín Guijarro, para incorporarse á Universidade Rey Juan Carlos neste curso.

A solicitude ten informe favorable do departamento e da COAP.

Apróbase por asentimento.

Por outra banda, informa da solicitude polo Departamento de dereito público especial, comunicación audiovisual e publicidade, da saída a concurso a habilitación nacional de dúas prazas de profesor titular de universidade na área de Dereito do traballo e da seguridade social. O departamento ten créditos consolidables para sacar estas prazas e a COAP emitiu informe favorable.

Apróbanse por asentimento.

Punto 11.- Aprobación, se procede, do cambio de nome do Servizo de información, orientación e promoción do estudante polo de Servizo de extensión universitaria.

O vicerreitor de extensión universitaria e estudantes informa dos motivos que levaron a facer a proposta de cambio do nome do SIOPE polo de Servizo de extensión universitaria.

Apróbase por asentimento

Punto 12.- Aprobación, se procede, do plan de política lingüística e da dirección do centro de linguas.

O vicerreitor de relacións institucionais expón as liñas xerais do plan de política lingüística presentado que foi aprobado por unanimidade pola Comisión de política lingüística e cuxo obxectivo principal é o plurilingüismo.

A primeira medida a destacar é creación do Centro de linguas que dará cobertura aos tres campus e que leva consigo a creación da dirección do mesmo. A segunda medida a destacar é a de autorizar e fomentar a introdución de docencia en terceiras linguas nos nosos centros.

O señor Lago Teijeiro manifestou que aínda que lles gustaría que fose máis ambicioso, os CAEF están satisfeitos con este plan.

Apróbase por asentimento o Plan de política lingüística da Universidade de Vigo (Anexo II) e a creación da dirección do Centro de linguas como unha dirección de área.

Punto 13.- Informe sobre resultados de investigación do ano 2003. Memoria I+D ano 2003.

O vicerreitor de investigación informa de que a cifra de recursos externos para investigación obtida pola nosa universidade foi de 23,9 millón de € datos que indican que estamos nun crecemento exponencial da investigación. Segundo os datos presentados a Universidade de Vigo figura entre as 15 primeiras universidades españolas, en termos absolutos, no que se refire a captación de recursos en convocatorias públicas do plan nacional e por primeira vez supera á Universidade de Santiago de Compostela e lidera en Galicia a captación deses recursos por número de investigadores.

Felicita aos investigadores e indica que a facturación deste ano na oficina de I+D supera os 4,4 millóns de € isto é, un crecemento superior ao 30% con respecto a 2003.

Punto 14.- Aprobación, se procede, dos Regulamentos de réxime interno da E.S. de Enxeñería Informática, da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación e da Facultade de Química.

Apróbanse por asentimento.

Punto 15.- Medidas provisionais a adoptar en relación coa Dirección do Instituto Universitario de Electrónica Aplicada.

O reitor di que todos os membros do Consello de Goberno tiveron ocasión de examinar a documentación relacionada con este punto, cre que non hai que facer un debate dun tema que compete ao propio instituto, e dado que o consello do mesmo non oferta unha proposta concreta

propón, de acordo coa norma que este Consello de Goberno segue en temas de este tipo, que o actual director continúe en funcións co encargo de convocar eleccións nun prazo determinado.

O señor Fariña Rodríguez (membro do Instituto universitario de electrónica aplicada) está de acordo coa proposta e pide que o prazo sexa o máis breve posible.

O señor Mandado Pérez, director do Instituto universitario de electrónica aplicada, di que co actual regulamento de institutos universitarios é difícil acadar a maioría absoluta que se esixe para a elección de director.

O reitor propón nomear en funcións ao actual director co encargo de convocar eleccións no primeiro trimestre de 2005.

Apróbase por asentimento.

Punto 16.- Apoio da Universidade de Vigo, se procede, á candidatura a Patrimonio inmaterial da UNESCO da Tradición oral Galaico-Portuguesa.

Apróbase por asentimento

Punto 17.- Toma de acordo ante o recurso presentado por membros das comisións específicas de área xulgadoras das prazas 41-H12-814-A4-01 e 41-H12-814-A4-02 correspondentes ao primeiro concurso de profesorado para o curso 2004/2005.

A vicerreitora de organización académica e profesorado aclara os termos a que se refire o recurso e os motivos porque o asunto chegou á COAP.

O informe de asesoría xurídica confirma que o acordo tomado pola COAP non excede das competencias que ten atribuídas tal comisión.

Non hai máis intervencións.

Apróbase a desestimación do recurso por asentimento coa abstención expresa da señora Corbacho.

Punto 18.- Aprobación, se procede, da creación do cargo de vicexerente.

O vicerreitor de investigación informa de que se leva traballando desde fai algún tempo sobre a necesidade de dotar á universidade dunha estrutura xerencial cualificada na que haberá un xerente con varios vicexerentes. Neste momento trátase de dar o primeiro paso para poñer en marcha esta estrutura, polo que se propón a creación dun vicexerente coa consideración de alto cargo e provisión mediante contrato de alta dirección.

Apróbase por asentimento a creación dun posto de vicexerente neses termos.

O vicerreitor informa de que esta vicexerencia será ocupada por D. Manuel Castro Oliva.

Punto 19.- Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración da Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo co Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais, Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos para a realización do posgrao Dirección Integrada de Proxectos – Convenio marco de colaboración coa Universidade Nacional da Patagonia Austral – Convenio marco de colaboración coa Facultade Rexional de Córdoba da Universidade Tecnolóxica Nacional – Convenio marco de colaboración coa Facultade Rexional de Mendoza da Universidade Tecnolóxica Nacional.- Convenios marco e específico de colaboración coa Universidade EAFIT – Convenio marco de colaboración coa Universidade del Cauca.

Apróbanse por asentimento.

Punto 20.- Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de Investigación (2 estudantes e 1 PDI), Comisión de organización académica e profesorado (2 estudantes), Comisión de planificación e asuntos económicos (2 estudantes) e Comisión de extensión universitaria e estudantes (2 estudantes e 1 PDI)

Non é necesario realizar votacións xa que en ningún caso hai máis candidatos que postos a cubrir.

Saen elixidos:

Comisión de investigación:

Sector PDI: Dona Dolores Troncoso Durán.

Quedan dous postos sen cubrir no sector de estudantes.

Comisión de organización académica e profesorado:

Sector estudantes: D. Javier Varasa Paredes.

Queda un posto sen cubrir no sector de estudantes.

Comisión de extensión universitaria e estudantes:

Sector estudantes: D. Xan Lago Teijeiro e D. Javier Varasa Paredes.

Queda un posto sen cubrir no sector PDI.

Comisión de planificación e asuntos económicos:

Quedan sen cubrir dos postos no sector de estudantes.

Punto 21.- Elección de representantes no Consello social: 1 estudante.

Retírase e traerase ao próximo Consello de Goberno.

Punto 22.- Rogos e preguntas.

O Sr. Lago Teijeiro pregunta en primeiro lugar sobre o rogo que fixo xa no Consello de Goberno do mes de marzo que facía relación aos créditos de libre elección.

O vicerreitor de titulacións, posgrao e formación permanente informa de que despois do último Consello de Goberno redactou un borrador de convenio no que se dicía que aqueles cursos recoñecidos por calquera das tres universidades galegas como créditos de libre elección, serían recoñecidos nas outras dúas co mesmo número de créditos. Este borrador enviouse as outras dúas universidades e da Coruña non deron resposta ata agora e de Santiago de Compostela suscitaron a conveniencia de elaborar unha normativa común sobre a concesión de créditos de libre configuración.

A segunda pregunta é solicitar información sobre o recorte de créditos aos alumnos de tradución e roga a maior información posible e o maior acordo posible entre as partes.

O reitor informa de que no momento da aprobación do plano de estudos aprobáronse moitos itinerarios, optativas, etc., despois adoptáronse unhas normas para aplicalos nas que, aínda que hai unha certa flexibilidade, se intenta tratar a todos por igual. Coa dirección do centro non hai ningún problema de comunicación e dentro do equipo de goberno comunicóuselle que, debido as peculiaridades do plano de estudos, se está disposto a darlles un pouco máis do que lles correspondería de aplicar estritamente a normativa, pero o que piden os estudantes non é posible. O que se trata e de seguir falando sobre o tema e encaixar a proposta máis adecuada.

O profesor Rodríguez Berrocal roga se sería posible acelerar a reunión da Comisión mixta que xurde do convenio SERGAS-Universidade e que preside o vicerreitor de investigación.

O reitor di que ao conselleiro se lle dan todas as posibilidades de datas e que están pendentes de que se fixe unha data.

De novo o profesor Rodríguez Berrocal pregunta se non está prevista algunha solución temporal ou máis definitiva á estrutura administrativa de terceiro ciclo, xa que parece estar en condicións precarias.

O reitor di que non hai unha previsión concreta, pero se estudará e se é necesario buscarase unha solución temporal. O novo vicexerente terá que estudar a proposta de futuro para este negociado, xa que cos programas de posgrao vai haber cambios importantes.

O profesor Ramos pregunta en primeiro lugar cómo se pode resolver o tema dos alumnos da E.T.S. de enxeñeiros de telecomunicación que queren ir á feira informática en Madrid xa que para levar o autobús da universidade é necesario que os acompañe un profesor.

O reitor di que se van como práctica de campo é necesario que os acompañe un profesor e haberá que falar co director para ver cómo se pode encaixar para que os estudantes que teñan interese poidan ir.

A segunda pregunta é en relación coas convocatorias da ANECA para conseguir o selo de calidade en relación co terceiro ciclo e coa biblioteca e se non se pensou presentarse a elas.

O vicerreitor de investigación di que valorouse o presentarse a unha mención máis esixente que é a das normas ISO e que se éramos capaces de simultanear ambas faríase, en caso contrario dábase prioridade á máis esixente.

A señora Corbacho pregunta ao vicerreitor de planificación sobre o concurso para o servizo de comedor na Facultade de ciencias xurídicas e do traballo.

O profesor Membiela traslada o escrito que figura como AnexoIII como pregunta e pide pasarllo ao grupo de traballo da CIUG.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:30 horas do día 13 de decembro de 2004 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e praxe do reitor

O reitor

A secretaria xeral

Domingo Docampo Amoedo

M^a Teresa Iglesias Randulfe